

Puntos de luz

Con concisa precisión

 ROMÁN RAÑA

Hai libros que son pequenos puntos de luz desamparada. Este *Construccións* de Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969), é un deles. Ratifícao a cada instante, en cada verso de desolación e tristura. Debo advertir ao lector que estamos diante dunha obra de poemas narrativos, de esbozos de contos, de guiños cinematográficos, de escenas en todo caso (aptas para o teatro imaxinario de quen le) onde os personaxes pululan, actúan e deixan un pouso enorme de melancolía ao longo do poemario. Unha tristeza sen paliativos, como ben se encarga de mostrar o primeiro poema, que di: “merquei unha parella/de canarios/para facer menos desolada/a orde da casa/morreron aos tres días/de virus ou tristura/non tiña aínda/nome”

Poemas sen puntuación, longos relatorios dunha mesma emoción que empapa o volume con esa desolación tan peculiar, esa silenciosa tormenta interior dos protagonistas que semellan extraídos dos cadros de Edward Hopper. A referencia non é baladí. Case todas as composicións manteñen a tensión larvaria

das pinturas do norteamericano, a tremenda inco-municación que as habita, a imposibilidade do amor como metáfora dun mundo desolado. Tamén neste volume os personaxes deambulando confundidos, esperando amar, desexando amar. Hai unha forza es-traña que impide a consumación dese amor, moitas veces secreto, poucas veces declarado. E mulleres que espertan en cuartos vacíos, ante xanelas que as reflicten soas, núas. Mulleres de beleza triste en espera de quen. Ou-

tras veces circula a morte ou a fatalidade para impedir a unión dos dous desexos e, sempre, a soidade máis feroz, a máis feroz comunión coa soidade. Moitas

vezes nen iso: a pura desmemoria (como o poema en que a muller padece Alzheimer), ou a lembranza como vitoria mínima ante o destino: “construír o esquecemento/cun fragmento/tan pequeno de memoria”

Outras veces o autor propón varios finais para o desenvolvemento da súa historia. Así traballa Eduardo Estévez, con concisa precisión, cunha linguaxe que abre abismos no diario decorrer da vida e que mostra iso: abandono, ruína, estrago, en seres de furioso anonimato porque, talvez, ese asonimato conteña todos os nosos nomes.

ESTÉVEZ, Eduardo, Construccións, Ed. Positivas, Santiago, 2008, 37 páxinas.

